

PATRIMONIO MATERIAL E CULTURAL EN GALICIA

1. A Lei de Patrimonio Cultural en Galicia

1.1 Obxectivos

O patrimonio cultural en Galicia está protexido pola actual **LEI 5/2016**, do 4 de maio de 2016. A actual lei supón un desenvolvemento do preámbulo da Constitución española que proclama a vontade de protexer os pobos de España no exercicio da súas culturas, tradicións, linguas e institucións e de promover o progreso da cultura para asegurar unha digna calidade de vida.

No seu título oitavo, o artigo 148.1 recoñece o dereito das comunidades autónomas para asumiren competencias en materia de patrimonio monumental de interese da comunidade autónoma ou en materia de fomento da cultura, competencias que deben compatibilizarse co sinalado no seu artigo 149.1.28, que establece a competencia exclusiva do Estado en materia de defensa do patrimonio cultural, artístico e monumental español contra a exportación e a espoliación; e museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal, sen prexuízo da súa xestión por parte das comunidades autónomas.

A Comunidade Autónoma de Galicia promulgou varias leis neste senso ata a actual Lei do patrimonio cultural de Galicia. Tal é como di a lei: *é xustamente a idea de valor a que determina a definición legal de ben cultural. O valor como contido de resonancia, non só emocional ou sentimental senón directamente vinculada ao devir histórico do pobo galego na súa caracterización pasada e na súa aposta de futuro, sobre a base material e inmaterial do que xa é e no horizonte do que quere ser no eido da civilización, entendida como concerto das culturas e tradicións.*

O estudo, a protección, a conservación, o acrecentamento, a difusión e o fomento do patrimonio cultural son pedra angular do exercicio da dignidade colectiva e, xa que logo, plásmanse como o primeiro mandato legal, que non debe ser visto como limitación restritiva senón como participación de toda a sociedade no coidado do que ela mesma creou e ao que ela mesma lle pertence. O patrimonio cultural concíbese, pois, como alicerce de cohesión social e desenvolvemento sustentable.

O obxecto desta lei podemos resumilo en catro puntos:

- O patrimonio cultural de Galicia está constituído por todos os bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, haxan de ser considerados como de interese relevante para a permanencia e identidade da cultura galega a través do tempo.
- A presente Lei ten por obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación e transmisión a xeracións futuras.
- Integran o patrimonio cultural de Galicia os bens mobles, inmobles e inmateriais de interese artístico, histórico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico e técnico. Tamén forman parte do mesmo o patrimonio documental e bibliográfico, os conxuntos urbanos, os lugares etnográficos, os xacementos e zonas arqueolóxicas, así como os sitios naturais, xardíns e parques que teñan valor artístico, histórico ou antropolóxico.

- A Administración autonómica procurará o retorno a Galicia daqueles bens especialmente representativos do noso patrimonio cultural que se atopen fóse dela.

As competencias son exclusivas de Galicia pero en colaboración cos concellos que teñen o deber de protexer, defender, realzar e dar a coñecer o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que se sitúen no seu termo municipal. A isto hai que engadir que a Igrexa católica, como propietaria dunha boa parte do patrimonio cultural de Galicia, velará pola protección, conservación, acrecentamento e difusión do mesmo, colaborando a tal fin coa Administración en materia de patrimonio. Para tal fin existirá unha Comisión Mixta entre a Xunta de Galicia e a Igrexa católica establecerá o marco de colaboración e coordinación entre ambas as institucións para elaborar e desenvolver plans de intervención conxunta.

1.2 Definición e clasificación do patrimonio cultural

Os bens mobles, inmobles e inmateriais máis destacados do patrimonio cultural de Galicia serán declarados **bens de interese cultural** (BIC) mediante Decreto da Xunta de Galicia, a proposta da Consellería de Cultura, e inscribíranse no **Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia**.

Os bens mobles declarados de interese cultural poderán selo de forma individual ou ben como colección, entendida esta como o conxunto de bens agrupados de forma miscelánea ou monográfica, previo proceso intencional de provisión ou acumulación. Os bens inmobles serán declarados de interese cultural atendendo ás seguintes clases: monumento, conxunto histórico, xardín histórico, sitio ou territorio histórico, zona arqueolóxica, lugar de interese etnográfico e zona paleontolóxica.

A definición da anterior **tipoloxía** sería a seguinte:

- **Monumento:** a construción ou obra produto da actividade humana, de relevante interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, artístico, etnográfico, científico ou técnico, con inclusión dos mobles, instalacións e accesorios que expresamente se sinalen como parte integrante do mesmo, e que por si soa constitúa unha unidade singular.
- **Conxunto histórico:** a agrupación de bens inmobles que forman unha unidade de asentamento, continua ou dispersa, condicionada por unha estrutura física representativa da evolución dunha comunidade humana, por ser testemuño da súa cultura ou constituír un valor de uso para a colectividade, aínda que individualmente non teñan unha especial relevancia.
- **Xardín histórico:** o espazo delimitado, produto da ordenación polo home de elementos naturais, ás veces complementado con estruturas de fábrica, e estimado de interese en función da súa orixe ou pasado histórico ou dos seus valores estéticos, sensoriais ou botánicos.
- **Sitio ou territorio histórico:** o lugar ou paraxe natural vinculado a acontecementos ou recordos do pasado, creacións culturais ou da natureza, e a obras dos humanos que posúan valores históricos ou técnicos.
- **Zona arqueolóxica:** o lugar ou paraxe natural onde existen bens mobles ou inmobles susceptibles de ser estudados con metodoloxía arqueolóxica, tanto se se atopasen na superficie como no subsolo ou baixo as augas territoriais.

- Lugar de interese etnográfico: aquela paraxe natural, conxunto de construcións ou instalacións vinculadas a formas de vida, cultura e actividades tradicionais do pobo galego.
- Zona paleontolóxica: o lugar en que hai vestixios fosilizados ou non que constitúan unha unidade coherente e con entidade propia.

En todos os supostos anteriormente citados, a declaración de ben de interese cultural afectará tanto ao chan como ao subsolo. De forma excepcional poderá declararse ben de interese cultural a obra de autores vivos, a condición de que tres das institucións consultivas recoñecidas pola Consellería de Cultura emitan informe favorable e medie autorización expresa do seu propietario.

Corresponde ao Consello da Xunta de Galicia, a proposta do Conselleiro de Cultura, acordar a declaración de ben de interese cultural. O acordo de declaración describirá clara e exhaustivamente o ben obxecto da declaración. En caso dos inmobles describirá a súa delimitación gráfica, a contorna afectada, as partes integrantes, pertenzas, accesorios e bens mobles e documentais que pola súa vinculación haxan de ser obxecto de incorporación na declaración.

Os bens de interese cultural serán inscritos no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia. A cada ben se lle dará un código para a súa identificación. Neste rexistro tamén se anotará preventivamente a incoación dos expedientes de declaración. Corresponde á Consellería de Cultura a xestión deste rexistro. Os bens do patrimonio cultural de Galicia que, sen chegar a ser declarados de interese cultural, posúan especial singularidade, serán incluídos no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia e gozarán da protección para os bens catalogados nesta Lei.

1.3 Protección e difusión

Todos os bens que integran o patrimonio cultural de Galicia gozarán das medidas de protección establecidas nesta Lei. En canto a difusión e protección a Xunta de Galicia facilitará o financiamento da conservación, acrecentamento e rehabilitación, así como as actividades de estudo e difusión do seu patrimonio cultural, dando prioridade en todo caso a aquel que estea declarado de interese cultural ou catalogado.

No caso de posuidores privados de bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia están obrigados a conservalos, coidalos e protexelos debidamente para asegurar a súa integridade e evitar a súa perda, destrución ou deterioración. Os poderes públicos garantirán a protección, conservación e enriquecemento do patrimonio cultural de Galicia.

Isto provoca friccións entre a administración pública e aqueles individuos que os posúen de xeito privado xa que os propietarios, posuidores e demais titulares de dereitos reais sobre os bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia deben facilitar o acceso, con fins de inspección, á Administración competente. Igualmente, estarán obrigados a permitir o acceso dos investigadores, previa solicitude motivada, aos bens declarados ou catalogados. O cumprimento desta obrigaón só poderá ser dispensado pola Administración cando, en atención ás circunstancias concorrentes, entenda que existe causa suficientemente xustificada para iso.

Non so iso, senón que tamén a visita pública aos mesmos nas condicións que se determinen, que en todo caso será gratuíta durante catro días ao mes, en días e horario prefixado. En algunhas ocasións o dereito público entrou en litixio coas ambicións privadas neste senso como no famoso caso do Pazo de Meirás.

2. Exemplos significativos da protección, conservación e difusión do patrimonio cultural de Galicia

2.1 Os Camiños de Santiago

A rede de itinerarios integradas polas vías empregadas para peregrinar a Santiago de Compostela se denominan **Camiños de Santiago**. Isto débese para diferenciarse do Camiño de Santiago popularmente máis coñecido que é o Camiño Francés. Esta primeira ruta xacobeas gozou do apoio das institucións eclesiásticas, monárquicas e da nobreza e contará cunha primacía sobre as demais rutas xacobeas, xurdidas mesmo antes ca ela.



Ilustración 1. Os Camiños de Santiago en España

Por iso na actualidade trátase de consolidar e difundir outras rutas como o Camiño Portugués, o Inglés, o Camiño primitivo desde Oviedo ou a Ruta da Prata. A tal efecto empréganse mecanismos legais de protección do patrimonio cultural, se impoñen trazados e delimitacións rigorosas para evitar a inseguridade xurídica, aínda que non sempre se respectan os criterios históricos. Os principais trazados do Camiño de Santiago recibiron o recoñecemento en 1998 de **Primeiro Itinerario Cultural Europeo** polo Consello de Europa e están incluídos na lista de Patrimonio da Humanidade.

O Camiño de Santiago practicamente caera no esquecemento a partir do s. XIX e foi clave para a



Ilustración 2. Museo de Pontevedra

a súa recuperación a labor dos historiadores Vázquez de Parga, Lacarra y Uría en 1949 ou o dos estadounidenses Kingsley Porter e Georgiana Goddard King. Estes traballos consistiron en recuperar e identificar partes do seu trazado e foron empregados pola Real Academia da Historia para facer en 1962 unha petición ao Estado para a súa definitiva recuperación.

Desde esta data, paulatinamente, foron desenvolvéndose guías, restaurando rutas e implementando mecanismos

legais para a súa conservación e difusión. Desde as famosas frechas amarelas que marcan o seu trazado ata a espectacular rede de albergues que permiten aos peregrinos facer a viaxe. A promoción por parte da Igrexa, especialmente durante os anos xacobeos, dos camiños o converten, ademais do plano relixioso e cultural, nun gran dinamizador da actividade económica ao longo do seu trazado, en relación principalmente co turismo. A cidade de Santiago, e por extensión Galicia, recibe un número cada vez máis alto de turistas atraídos polos camiños.

Esta situación tamén plantexa novos desafíos, especialmente para unha Compostela que cada vez ve con maior dificultade como xestionar ese número masivo de turistas que ameaza en moitos casos con deteriorar ese propio patrimonio cultural e a vida dos propios composteláns. É imperativo que o negocio dos Camiños de Santiago e o seu patrimonio, mediante acordos entre promoción pública, Igrexa e ámbito privado, traten de regular esta situación para evitar o seu deterioro froito do turismo de masas.

2.2 O Sistema de Museos de Galicia


Os museos son institucións de carácter permanente, abertas ao público e sen finalidade de lucro, orientadas á promoción e desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, por medio da recollida, adquisición, inventario, catalogación, conservación, investigación, difusión e exhibición, de forma científica, estética e didáctica, de conxuntos e coleccións de bens patrimoniais de carácter cultural que constitúen testemuños das actividades do ser humano ou da súa contorna natural, con fins de estudo, educación, e promoción científica e cultural.

Forman parte do Sistema Galego de Museos todos os museos e coleccións visitables, de diversas titularidades e tipoloxías, situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, autorizados pola Consellería de Cultura e Turismo e inscritos no Censo de Museos e Coleccións.

As competencias que ten atribuídas nesta materia a Consellería de Cultura e Turismo exércense principalmente nos museos propios e nos que xestiona de titularidade estatal, pero tamén nos máis de 70 museos e coleccións que se distribúen pola xeografía galega, pertencentes a administracións locais, a fundacións privadas e á igrexa.

O Servizo de Museos é a unidade administrativa que coordina as actuacións en materia de museos na Comunidade Autónoma de Galicia e ten a responsabilidade sobre o control do patrimonio moble custodiado nos museos e coleccións visitables galegas, tanto nos de titularidade autonómica como estatal xestionados pola Dirección Xeral de Políticas Culturais como daqueles que constitúen o Sistema Galego de Museos. Desde o servizo articúlase o asesoramento e a colaboración continua entre técnicos/as das diferentes institucións museísticas na procura dunha unidade de acción institucional no que se refira aos procedementos e ao tratamento técnico dos fondos.

Os museos máis coñecidos e visitados desa grande rede son o Museo do Pobo Galego, en Santiago, que se centra no ámbito etnográfico; o Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía, na Coruña, que se centra no patrimonio científico e tecnolóxico; o Centro Galego de Arte Contemporánea, en Santiago, onde se reúnen obras de artistas contemporáneos con numerosas exposicións temporais; o Museo Naval Militar de Ferrol, centrado na historia do Arsenal, da Mariña e do mundo castrense; o Museo Provincial de Lugo onde temos unha abundantísima colección do patrimonio romano de Lugo; o Museo Catedralicio de Santiago, o máis antigo de todos eles e o Museo Provincial de Pontevedra cunha increíble colección de patrimonio da Prehistoria e da Idade Antiga, así como tamén bibliográfico e etnográfico.



© Xosé Luís Alonso

Ilustración 3. Escalera do Museo do Pobo Galego

2.3 Os parques arqueolóxicos

Integran o **patrimonio arqueolóxico** de Galicia os bens mobles e inmobles de carácter histórico susceptibles de ser estudados con método arqueolóxico, fosen ou non extraídos, e tanto se atopan na superficie como no subsolo ou nas augas. Forman parte así mesmo deste patrimonio os elementos xeolóxicos e paleontolóxicos relacionados coa historia humana, as súas orixes, os seus antecedentes e o desenvolvemento sobre o medio.

A partir do ano 2000 comeza a desenvolverse o proxecto de creación da **Rede de Parques Arqueolóxicos de Galicia**. Un por cada unha das provincias e proxectados cada un en torno a unha temática e co seu correspondente centro de interpretación, lugar onde se centralizar o estudo, a difusión e a exposición das pezas mobles relacionados co xacemento. A idea non so se relaciona coa conservación do patrimonio e coa súa difusión, senón coa posibilidade de que se establezan como núcleos de recepción do turismo cultural e como dinamizadores económicos. En definitiva para rentabilizar economicamente o patrimonio.

Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre (Campo Lameiro).

Centrado na arte rupestre, a xoia fundamental deste enclave é a increíble colección de petróglifos da Idade de Bronce. Conta con máis de oitenta gravados nunha superficie de máis de 20 hectáreas. Conta cun Centro de Interpretación cunha notable colección permanente e unha dinámica temporal tamén salientable. A construción dunha reprodución dunha aldea da época e a actividade de difusión sobre a vida prehistórica que realizan cos centros de ensino o converten nun dos máis visitados.



Ilustración 4. Petróglifo do gran cervo de Campo Lameiro

Parque Arqueolóxico de San Cibrao de Las.

Xira en torno ao xacemento coñecido como A Cidade de San Cibrao de Las, un dos castros escavados mellor coñecidos e con maior monumentalidade e maior extensión de Galicia. O seu perímetro amurallado e a conformación interna de estrutúralas habitación permiten ao visitante unha boa comprensión dunha parte significativa da cultura castrexa.

Proxectáronse dous parque máis, o **Parque Arqueolóxico do Megalítico en Terras de Soneira e Costa da Morte** e o **Parque do Mundo Romano en Lugo** pero por diversas razóns aínda non están realizados nin é segura a súa realización.

2.4 O patrimonio industrial

Enténdese por **patrimonio industrial** o conxunto dos bens mobles, inmobles e sistemas de sociabilidade relacionados coa cultura do traballo que foron xerados polas actividades de extracción, de transformación, de transporte, de distribución e xestión xeradas polo sistema económico xurdido da Revolución Industrial.

Estes bens débense entender como un todo integral composto pola paisaxe na que se emprazan, as relacións industriais en que se estruturan, as arquitecturas que os caracteriza, as técnicas utilizadas nos seus procedementos, os arquivos xerados durante a súa actividade e as súas prácticas de carácter simbólico.

O patrimonio industrial dispón dunha metodoloxía propia de carácter interdisciplinar que se denomina Arqueoloxía Industrial. Esta disciplina científica estuda e pon en valor os vestixios materiais e inmateriais como testemuños históricos dos procesos produtivos. O seu estudo aproxímanos a unha mellor comprensión das estruturas e os procesos que xeraron o desenvolvemento das sociedades técnico-industriais, as súas fontes de enerxía, os seus lugares e espazos de traballo, a súa organización produtiva e a súa forma de responder a unha economía baseada na mecanización dos procesos produtivos.

En Galicia, ademais da administración pública, existe unha asociación chamada BUXA orientada a protección e difusión do Patrimonio Industrial de Galicia cunha grande labor actualmente.

Podemos destacar no patrimonio industrial de Galicia a Ruta da Construción Naval na zona de Ferrol e Fene; a Ruta das Conserveiras na zona de Cariño; o Complexo Mineira das Pontes; a Fervenza do Ézaro e o Museo da Electricidade; o Museo Massó en Bueu relacionado co industria tamén conserveira e baleeira; os Fornos da Pontenova relacionados coa industria siderúrxica ou Sargadelos en Cervo.

2.5 A UNESCO e o Patrimonio da Humanidade

Un dos organismos especializados das **Nacións Unidas** ten como obxectivo velar pola protección, conservación e difusión do patrimonio cultural e natural mundial a través da cooperación internacional. A Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, **UNESCO**, está rexida pola Conferencia Xeral, integrada por estados membros e membros asociados e se reúne semestralmente para fixar os programas e o orzamento da axencia. Corresponde a este organismo elaborar a listaxe de **Patrimonio da Humanidade** e conceder axudas económicas, científicas e técnicas para a súa conservación, investigación e difusión.



Ilustración 5. A Catedral de Santiago desde Praterías

Actualmente na Listaxe de Patrimonio Mundial hai inscritos 1054 bens (decembro de 2022) situados en 165 países. Trátase dunha listaxe aberta na que cada ano se incorporan novos bens de valor universal excepcional. O país con máis lugares declarados Patrimonio da Humanidade é Italia con 58. España ocupa o cuarto lugar, xunto con Francia, con 49 lugares.

A Convención do Patrimonio Mundial reconece tres tipos de bens:

Bens culturais: son os monumentos, conxuntos ou lugares que posúan un valor universal excepcional desde o punto de vista da historia, a arte, a ciencia, a antropoloxía ou a etnoloxía.

Bens naturais: son os monumentos naturais, as formacións xeolóxicas ou os lugares naturais que teñan un valor universal excepcional desde o punto de vista de estético, científico, da conservación ou da beleza natural.

Bens mixtos: son aqueles que posúen elementos culturais e naturais de valor universal excepcional.

En Galicia contamos con catro lugares declarados Patrimonio da Humanidade: a Catedral de Santiago e o seu casco histórico, a Muralla Romana de Lugo, a Torre de Hércules na Coruña e o Camiño de Santiago.

Licenzas das ilustracións

Ilustración	Recurso
Ilustración 1. Os Camiños de Santiago en España	Autoría: Paulusburg Licencia: CC BY-SA 4.0 Procedencia: https://es.wikipedia.org/wiki/Caminos_de_Santiago_en_Espa%C3%B1a
Ilustración 2. Museo de Pontevedra.	Autoría: Estevoaiei Licencia: CC BY-SA 4.0 Procedencia: https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Museo_de_Pontevedra.jpg
Ilustración 3. Escaleira do Museo do Pobo Galego.	Autoría: Xosé Luís Alonso González Licencia: Con permiso do autor. Procedencia:
Ilustración 4. Petróglifo do gran cervo en Campo Lameiro.	Autoría: http://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=User:Lameiro Licencia: Dominio público. Procedencia: https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Campo_Lameiro,_Parque_arqueol%C3%B3xico_05-08.JPG
Ilustración 5. A Catedral de Santiago desde Praterías.	Autoría: Xosé Luís Alonso González Licencia: Con permiso do autor. Procedencia: